
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	5
<i>Prácticas remuneradas</i>	5
<i>Emprego</i>	6
<i>Financiamento</i>	7
Participación dos cidadáns	10
<i>Iniciativas lexislativas</i>	10
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	10
Actos xurídicos	11
<i>Actos lexislativos</i>	11
<i>Outros actos</i>	11
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	13
Procesos por infracción contra España	14
Estatísticas do Eurostat	15
<i>Indicadores económicos</i>	15
<i>Outros datos</i>	15
Publicacións do Tribunal de Contas da UE	17
Sondaxes do Eurobarómetro	18
Suxestións bibliográficas	19
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	19
<i>Outras obras</i>	20
Actividades do CEDE	21

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido e Adrián Dolan García.

ACTUALIDADE

Axuda para a Ucraína

A presidenta da Comisión Europea, a alemá Ursula von der Leyen, anunciou o desembolso á Ucraína dun primeiro pagamento de 4.500 millóns de euros procedente do paquete de apoio de 50.000 millóns para o próximos catro anos acordados pola UE para ese estado. Este diñeiro, Von der Leyen afirmou, será «crucial para axudar a Ucraína a manter o funcionamento do estado» en plena agresión rusa. Bruxelas ten previsto facer un segundo pagamento de 1.500 millóns de euros así que Kiev comezar a cumprir as primeiras condicións acordadas para a axuda.

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Sancións a cidadáns e grupos estranxeiros

A UE impuxo sancións a 33 persoas e dúas entidades relacionadas coa morte nunha prisión do Ártico do líder opositor ruso Alexei Navalni, en canto o presidente do Consello Europeo, Charles Michel, subliñaba que os estados membros da UE non se deixarán «intimidar» por unha Rusia que asegura estar «en estado de guerra». • A UE deu luz verde oficialmente ás súas primeiras sancións contra colonos israelís responsables de actos violentos contra palestinos na Cixjordania, nomeadamente contra catro persoas e dúas entidades. Foron sancionados seguindo o réxime global de sancións en materia de dereitos humanos da UE ao seren considerados responsables de «graves violacións dos dereitos humanos dos palestinos, incluíndo a tortura e outros tratamentos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes», indicou o Consello. A UE tamén os achou culpables de infrinxir o dereito á propiedade e á vida privada e familiar dos palestinos na Cixjordania.

Máis información sobre as sancións [a cidadáns rusos](#) no *EuroEFE-Euractiv*.

Comunicado de prensa sobre as sancións a cidadáns e grupos israelís [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre as sancións a cidadáns e grupos israelís [no *Político*](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Financiamento para o Sudán

Os doantes internacionais comprometéronse a gastar máis de 2.000 millóns de euros en apoio humanitario no Sudán (900 millóns de euros dos cales procederán da UE e os seus estados membros) e a coordinar mellor os esforzos para garantir un cesamento do fogo duradeira. Os esforzos da Conferencia Humanitaria Internacional para o Sudán en París teñen lugar un ano despois do inicio dunha guerra civil que até agora ten custado a vida a millares de persoas e ameazado millóns cunha situación de fame extrema.

Máis información [no Euractiv](#) (en inglés).

Eleccións ao Parlamento Europeo 2024

A UE está a ordenar ás grandes empresas tecnolóxicas que a axuden a asegurar as súas próximas eleccións ao Parlamento Europeo en xuño. As principais plataformas en liña — entre elas Facebook, X, Youtube e TikTok — terán que aumentar os seus esforzos para combater a desinformación antes das eleccións do bloque com en virtude da súa nova lei de moderación de contidos, a Lei de Servizos Dixitais (DSA, polas siglas en inglés). A Comisión, que fai cumprir a lei en dúas ducias de plataformas en liña e motores de busca de gran tamaño, publicou novas directrices para mitigar

os riscos para as eleccións, como que as falsidades se tornen virais e as campañas coordinadas de bots ou medios falsos. As empresas poden encarar multas de até 6 % dos seus ingresos globais anuais se non cumpriren coa lei.

Máis información [no *Político*](#).

Directiva contra a violencia de xénero

O Parlamento aprobou a primeira directiva comunitaria para loitar contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. A norma exige leis máis estritas contra a ciberviolencia, mellor asistencia ás vítimas e medidas para previr as violacións. Alén diso, prohíbe a mutilación xenital feminina e o matrimonio forzado, e establece orientacións específicas para os delitos cometidos en liña, como a divulgación de información privada e o exhibicionismo cibernético. Non son esas as únicas medidas contempladas. Debe darse prioridade á seguranza e ao benestar das vítimas, incluíndo o acceso a aloxamentos protexidos. A asistencia sanitaria debe ser accesible, sen excluír os servizos de saúde sexual e reprodutiva. As autoridades dos estados membros terán obrigacións máis estritas de elaborar informes e recoller probas. Finalmente, deberán sensibilizar a poboación sobre o feito de que obrigar a manter relacións sexuais sen consentimento é un delito.

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento](#).

Máis información [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Directiva de emprego para plataformas dixitais

O plenario do Parlamento Europeo aprobou unha nova lei sobre os traballadores da economía «so demanda» (*gig economy* en inglés). A directiva sobre o traballo en plataformas, que ten como obxectivo aumentar a protección dos millóns de traballadores da UE na chamada «economía colaborativa», como os repartidores de comida ou os condutores da empresa Uber, é unha de varias propostas ratificadas. O máis significativo é que a directiva introduce unha «presunción de emprego», cuxa meta é combater a explotación dos traballadores cunha falsa condición de autónomos, ao impor a carga da proba ás plataformas para demostraren que os traballadores son verdadeiramente autónomos. A lei tamén inclúe a prohibición da xestión algorítmica e unha mellora da protección de datos dos traballadores.

Máis información [no *EUobserver*](#) (en inglés).

Directiva de eficiencia enerxética dos edificios

A UE adoptou a directiva revisada relativa á eficiencia enerxética dos edificios, incluída dentro do Pacto Verde Europeo. Esta lexislación establece o marco para que os estados membros reduzan as emisións e o uso de enerxía nos edificios de toda a UE, dos lares e lugares de traballo até os centros de ensino, os hospitais e outros edificios públicos. Desta forma, contribuirase a mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas. A directiva establece obxectivos ambiciosos para reducir o consumo global de enerxía dos edificios en toda a UE, tendo en conta as especificidades de cada estado.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no *Euractiv*](#) (en inglés).

Regulamento de traslado de residuos

O Consello adoptou a revisión do Regulamento sobre traslados de residuos. Na súa versión revisada, o Regulamento pretende reducir o traslado de residuos problemáticos fóra da UE, actualizar os procedementos de traslado para reflectir os obxectivos da economía circular e da neutralidade climática, utilizar a presentación e o troco de información por medios electrónicos, mellorar o control do cumprimento e loitar contra os traslados ilícitos. Tamén establece medidas para garantir que os residuos só sexan trasladados a destinos en que sexan tratados adecuadamente e de maneira ambientalmente correcta. Conforme as novas normas, os residuos non poden trasladarse a estados non pertencentes á OCDE, salvo que o estado indique a súa vontade de importar tales residuos e poida demostrar que estes se xestionarán de maneira ambientalmente responsable.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no Euractiv](#) (en inglés).

Reforma da Política Agraria Común

O plenario do Parlamento Europeo apoiou unha reforma da Política Agraria Común (PAC) que suaviza as exixencias ambientais e reduce a carga administrativa dos agricultores e criadores de gado, unha iniciativa tomada en resposta ás protestas do rural. Os estados membro, reunidos no Consello, xa aprobaran a reforma, e para que esta tivese éxito a Eurocámara debía apoiar o mesmo texto sen introducir emendas, como así foi.

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Regulamento da identidade dixital

O Consello da UE, no cal están representados os gobernos dos estados membros, deu a aprobación definitiva a un novo «portamoedas dixital» que permitirá en toda a UE identificarse de maneira electrónica en servizos públicos e privados, alén de almacenar e compartir documentos asinados dixitalmente. O regulamento prevé que este sistema, que en todo caso será voluntario, permita os cidadáns acceder aos servizos en liña coa identificación dixital do seu estado, que será recoñecida en toda a UE. Isto evitará que teñan que depender de provedores comerciais, o que pode xerar preocupacións de confianza, seguranza e privacidade.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Emisións industriais

O Consello adoptou a Directiva revisada sobre as emisións industriais e o Regulamento relativo á creación dun portal de emisións industriais (IEP), dúas normas complementarias destinados a regular e supervisar as consecuencias ambientais das actividades industriais. As novas normas ofrecerán unha mellor protección da saúde humana e do ambiente ao reduciren as emisións nocivas das instalacións industriais, ao mesmo tempo que promoven a eficiencia enerxética, a economía circular e a descarbonización. Tamén mellorarán a notificación de datos ambientais mediante o perfeccionamento do actual rexistro europeo de emisións e transferencias de contaminantes (PRTR) co fin de crear un portal de emisións industriais máis completo e integrado. • As emisións do ano pasado ao abrigo do Sistema de Comercio de Emisións (ETS, polas siglas en inglés) da UE mostran as reducións de emisións anuais máis significativas desde que se lanzou o ETS en 2005. O principal impulsor é o importante progreso do sector enerxético

na descarbonización. Os datos comunicados polos estados membros até 2 de abril de 2024 mostran unha diminución do 15,5 % das emisións en 2023, en comparación cos niveis de 2022. Con este desenvolvemento, as emisións do ETS están agora ao redor de 47 % por baixo dos niveis de 2005 e no bo camiño para alcanzar o albo de -62 % até 2030.

Comunicado de prensa sobre as novas normas [no sitio do Consello](#).

Comunicado de prensa sobre a redución de emisións industriais [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

TikTok

A empresa chinesa TikTok suspendeu un servizo da súa aplicación móbil que ofrece recompensas, como vales de oferta por ver vídeos, pouco despois que a UE ameazase con bloquealo no medio de temores de adicción entre as crianzas. O comisario do mercado interno, o francés Thierry Breton, dixo que a plataforma chinesa para compartir vídeos «non puido demostrar» que a función de TikTok Lite, lanzada recentemente en Francia e España, cumpriase coas obrigacións so a nova Lei de Servizos Dixitais comunitaria (DSA, polas siglas en inglés). Segundo afirmou, a UE cría que o servizo podería ser tan «adictivo como os cigarros» e deu á empresa 48 horas para responder ás alegacións. A seguir TikTok comunicou que suspendería o servizo.

Máis información [no The Guardian](#) e [no Euractiv](#) (en inglés).

Regulamento de emisións de automóbiles, furgonetas e camións

O Consello adoptou Regulamento Euro 7, que establece normas sobre os límites de emisións para os vehículos de estrada e sobre a durabilidade das baterías. O texto aprobado abrangue os automóbiles de pasaxeiros, as furgonetas e os vehículos pesados e ten por obxecto reducir aínda máis as emisións de contaminantes atmosféricos procedentes dos gases de escape e os freos. Alén diso, o novo regulamento establece uns requisitos de vida útil máis estritos.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, [a través de Euraxess](#) (buscando traineeship e trainee) (en inglés). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC) (en inglés). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo \(BCE\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo de Policía \(EuroPol\)](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa \(EEAS\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea das Substancias Químicas \(ECHA\)](#). Prazo até 2 de maio.
- [Banco Europeo de Inversión \(BEI\) e Fondo Europeo de Inversión](#). Prazo até 10 de maio.
- [Axencia Europea de Medicamentos \(EMA\)](#). Prazo até 20 de maio.
- [Tribunal de Contas da UE \(TCE\)](#). Prazo até 31 de maio.
- [Axencia do GNSS Europeo \(GSA\)](#). Prazo até 31 de maio.
- [Comité Económico e Social \(CESE, EESC\)](#). Sen data.
- [Autoridade Bancaria Europea \(EBA\)](#). Sen data.

Emprego

- Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos (sección *Job vacancies*, en inglés). Varios prazos.
- Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión (Joint Research Centre, JRC) (en inglés). Varios prazos.
- Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess (en inglés). Varios prazos.
- Procesos de selección da EPSO para a Comisión e diferentes institucións, organismos e axencias da UE. Varios prazos.
- Servizo Europeo para a Acción Externa (EEAS). Varios prazos.
- Banco Europeo de Investimento (BEI) e Fondo Europeo de Investimento. Varios prazos.
- Servizo Europeo de Policía (EuroPol). Varios prazos.
- Axencia Europea para a Seguraza da Aviación (EASA). Varios prazos.
- Fiscalía da UE (EPPO). Varios prazos.
- Axencia Executiva para as PeME (EISMEA). Varios prazos.
- Instituto Europeo para a Innovación e a Tecnoloxía (EIT). Varios prazos.
- Axencia Executiva para a Saúde e o Dixital (HaDEA). Prazo até 2 de maio.
- Observatorio Europeo das Drogas e a Toxicodependencia (EMCDDA). Prazo até 5 de maio.
- Axencia para a Cooperación entre os Organismos Reguladores da Enerxía estatais (ACER). Prazo até 6 de maio.
- Autoridade Europea para a Seguraza dos Alimentos (EFSA). Prazo até 9 de maio.
- Axencia Ferroviaria Europea (ERA). Prazo até 10 de maio.
- Autoridade Europea dos Valores Mobiliarios e dos Mercados (ESMA). Prazo até 13 de maio.
- Autoridade Europea dos Seguros e Pensións de Xubilación (EIOPA). Prazo até 13 de maio.
- Axencia da UE para o Programa Espacial (EUSPA). Prazo até 14 de maio.
- Axencia do GNSS Europeo (GSA). Prazo até 14 de maio.
- Empresa Común para unha Europa Circular con Base Biolóxica (CBE, antiga BBI). Prazo até 15 de maio.
- Axencia Europea das Substancias Químicas (ECHA). Prazo até 15 de maio.
- Axencia Europea de Medicamentos (EMA). Prazo até 21 de maio.
- Axencia Ambiental Europea (EEA). Prazo até 21 de maio.
- Comité Único de Resolución (CUR, SRB). Prazo até 21 de maio.

Financiamento

Cidadáns

- DiscoverEU Convocatoria primavera 2024. Prazo até 30 de abril.
- Eye2025. Prazo até 30 de maio.
- Corpo Europeo de Solidaridade 2024. Prazo até 1 de outubro.

Investigación e desenvolvemento

- Europa Excelencia. Prazo até 9 de maio.
- Gestión do trafego aéreo SESAR. Prazo até 13 de maio.
- Ciencia Abierta para a Investigación e a Sociedade. Prazo até 15 de maio.
- Women TechEU Open Call #1. Prazo até 20 de maio.
- Organizadores da Comunidade EIT New European Bauhaus. Prazo até 20 de maio.
- Transición Aberta 2024. Prazo até 30 de maio.
- Ecosistema de ensino da robótica na fabricación. Prazo até 31 de maio.
- Fortalecemento da Autoridade Monetaria Palestina. Prazo até 31 de maio.
- Reservas Electrónicas Libres. Prazo até 1 de xuño.
- Primeira convocatoria aberta de Up2Circ. Prazo até 1 de xuño.
- IGN Mobifree. Prazo até 1 de xuño.
- Prevención e solucións de residuo cero. Prazo até 5 de xuño.
- VOXReality. Prazo até 5 de xullo.

Estado de dereito

- Medios de comunicación independentes en Serbia. Prazo até 26 de abril
- Promoción dos dereitos humanos e a democracia. Prazo até 6 de maio.
- Promoción dos dereitos humanos en Marrocos. Prazo até 6 de maio.
- Sociedad civil e dereitos humanos en Israel. Prazo até 7 de maio.
- Derechos humanos e democracia na India. Prazo até 10 de maio.
- Dereitos humanos e democracia en Sudáfrica. Prazo até 13 de maio.
- Dereitos Humanos e Democracia. Honduras. Prazo até 24 de maio.
- Dereitos Humanos e Democracia. Guatemala. Prazo até 28 de maio.
- Organizacións da Sociedade Civil. Perú. Prazo até 21 de maio.

Acción externa

- Migración e Desprazamento Forzoso na África Subsahariana. Prazo até 13 de maio.
- Protocolo Africano sobre Discapacidade. Prazo até 23 de maio.

Empresas

- IKAT Turismo. Prazo até 15 de maio.
- Plano de Mobilidade Específica EURES. Prazo até 4 de xuño.
- 2ª convocatoria En Tránsito. Prazo até 4 de xuño.

Cultura

- Axentes culturais na rexión mediterránea. Prazo até 21 de maio.
- Redes de Cinemas Europeos. Prazo até 16 de xullo.
- Desenvolvemento de miniserries europeas. Prazo até 10 de setembro.

Educación e formación

- Premios Erasmus #BeActive. Prazo até 22 de maio.
- Erasmus para Emprendedores Novos. Junior. Prazo até 27 de xuño.

Rexións e cidades

- Interreg Europa. Terceira convocatoria de proxectos. Prazo até 7 de xuño.
- Premio Europeo de Innovación Social 2024. Prazo até 11 de xuño.
- Boas Prácticas URBACT. Prazo até 30 de xuño.
- Irmandamento de cidades. Prazo até 19 de setembro.

Saúde pública

- Seguranza e calidade das novas sustancias de orixe humana. Prazo até 11 de xuño.
- Acordo de asociación EU4Health para ONGs. Prazo até 13 de xuño.
- Saúde dixital. Prazo até 14 de xuño.
- Implementación da Misión sobre o Cancro. Prazo até 18 de setembro.

Emprego e asuntos sociais

- Innovación social. Prazo até 4 de xullo.
- Apoio ao Diálogo Social. Prazo até 10 de xullo.
- Abordaxes innovadoras contra o desemprego de longa duración. Prazo até 30 de setembro.

Ambiente e clima

- LIFE. Convocatorias 2024. Prazo até 19 de setembro.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas lexislativas

- «A miña voz, a miña decisión: Por un aborto seguro e accesible». Prazo até 24 de abril de 2025.

Consultas públicas aos cidadáns

Transporte

- Transporte por vías navegables interiores: Normas de tripulación da UE intelixentes e flexibles. Prazo até 15 de xullo.

Mercado único

- Precusores de drogas: Lexislación da UE (normas revistas). Prazo até 7 de xuño.
- Normas da UE sobre artigos pirotécnicos: Avaliación. Prazo até 1 de xullo.
- Normas da UE sobre explosivos civís: Avaliación. Prazo até 1 de xullo.

Economía, finanzas e o euro

- Instrumento de Apoio Técnico: Avaliación intermedia. Prazo até 10 de xuño.

Xustiza e dereitos fundamentais

- Programa de Xustiza: Avaliación final do programa 2014-2020 e avaliación intermedia do programa 2021-2027. Prazo até 26 de xuño.
- Programas de Dereitos, Igualdade, Cidadanía e Valores (REC, EfC e CERV): Relatorio de avaliación. Prazo até 27 de xuño.

Educación e formación

- Espazo Europeo de Educación: Avaliación intermedia. Prazo até 27 de xuño.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2024/1105 da Comisión, de 10 de abril de 2024, por que se establece o fehamento das pesqueiras de limanda de cauda amarela nas divisións 3LNO de la NAFO para os barcos dun estado membro da UE e pescan dentro da cota asignada a outros.
- Regulamento (UE) 2024/1015 do Consello, de 26 de marzo de 2024, por que se fixan para 2024, 2025 e 2026 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peixes aplicables en augas da UE e, no caso dos barcos de epsca da UE, en determinadas augas non pertencentes á UE.
- Regulamento (UE) 2024/918 da Comisión, de 25 de marzo de 2024, sobre determinados requisitos de información que deben cumprir os rstados membros en relación cos programas de cría estatais para seleccionar animais resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles.
- Regulamento (UE) 2024/903 do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de marzo de 2024, por que se establecen medidas co fin de garantir un alto nivel de interoperabilidade do sector público en toda a UE (Regulamento sobre a Europa Interoperable).
- Reglamento (UE) 2024/900 do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de marzo de 2024, sobre transparencia e segmentación na publicidade política.

Outros actos

- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre a aplicación do Regulamento (CE) n.º 1005/2008 do Consello por que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR) (Regulamento INDNR).
- RELATORIO DA COMISIÓN Relatorio de 2023 da Comisión Europea sobre as emisións de CO₂ xeradas polo transporte marítimo.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Un futuro construído coa natureza: Impulso á biotecnoloxía e a biofabricación na UE.
- INFORME DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Aplicación da prohibición de prácticas comerciais desleais para reforzar a posición dos agricultores e axentes da cadea de abastecemento agrícola e alimentario: Situación actual.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Escaseza de man de obra e capacidades na UE: Plano de acción.

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO EUROPEO E AO CONSELLO Unha abordaxe equilibrada da migración que combina equidade e firmeza.
- Visión a longo prazo para as zonas rurais da UE: Resultados chave e vías a seguir.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre un marco común para prestar mellores servizos en materia de capacidades e cualificacións (Europass).
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Relatorio sobre os prezos e custos da enerxía en Europa.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Aproximación das lexislacións

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-639/23 P\(R\)](#), resolveu, sobre a publicidade en liña, rexeitar a petición da empresa Amazon de suspender a súa obrigaçión de crear un repositorio de anuncios dispoñible publicamente.

[Resumo da sentenza](#) (en inglés).

Máis información [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Cidadanía

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-684/22](#), [C-685/22](#) e [C-686/22](#), resolveu que o dereito da UE non se opón, por principio, á perda automática da nacionalidade alemá en caso de recuperación da nacionalidade turca. Con todo, cando esa perda tamén poida acarretar a perda da cidadanía da UE, debe poder facerse un exame individual das consecuencias da referida perda para a persoa afectada.

[Resumo da sentenza](#).

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos [C-420/22](#) e [C-528/22](#), resolveu que a retirada do permiso de residencia, con base en información clasificada, a un cidadán dun estado terceiro que ten ao seu cargo un menor cidadán da UE, debe poder ser obxecto de vías de recurso efectivas.

[Resumo da sentenza](#).

Concorrenca

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-605/21](#), resolveu, sobre as infraccións do dereito da concorrenca da UE, que o anterior réxime de prescrición checo é incompatible co dereito da UE. Ese réxime torna practicamente imposible ou excesivamente difícil o exercicio dunha acción por danos por prácticas contrarias á concorrenca continuas.

[Resumo da sentenza](#).

Consumo

O Tribunal de Xustiza, nas sentenzas relativas aos asuntos [C-484/21](#) e [C-561/21](#), resolveu que o prazo de prescrición para reclamar os gastos hipotecarios cando a cláusula do contrato sexa abusiva debe comezar a contar desde o momento en que haxa unha sentenza firme que declare nula esa cláusula.

Máis información sobre as dúas sentenzas [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Xustiza

A Comisión Europea decidiu enviar unha carta de emprazamento a España [INFR(2024)2033] por non traspasar correctamente a directiva que reforza no proceso penal determinados aspectos da presunción de inocencia e o dereito a estar presente no xuízo [[Directiva \(UE\) 2016/343](#)]. España dispón agora de dous meses para responder as alegacións presentadas pola Comisión; caso contrario, a Comisión podería optar por enviarlle un ditame motivado.

Mercado interno

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2021)2171] por incumprir a lexislación sobre contratación pública. Os estados membros debían traspasar ao seu dereito as normas relativas aos contratos públicos e aos contratos de concesión ([Directiva 2014/23/UE](#), [Directiva 2014/24/UE](#) e [Directiva 2014/25/UE](#)) como moi tarde o 18 de abril de 2016. A lexislación española non respecta o ámbito de aplicación das directivas en relación ao tipo de poderes adjudicadores, de contratos e ás modificacións dos contratos que deben estar cubertos. España dispón de dous meses a partir de agora para corrixir as deficiencias constatadas pola Comisión. En ausencia dunha resposta satisfactoria, a Comisión podería decidir levar España perante o TXUE.

A Comisión Europea decidiu enviar unha carta de emprazamento a España [INFR(2021)4052] por incumprir as normas relativas aos contratos de concesión de autoestradas. España dispón agora de dous meses para responder as alegacións presentadas pola Comisión; caso contrario, a Comisión podería optar por enviarlle un ditame motivado.

Orzamento

A Comisión Europea decidiu enviar unha carta de emprazamento a España [INFR(2023)2192] por non recadar os recursos propios tradicionais (RPT) (segundo o establecido no [Regulamento do Consello por que se aplica a Decisión sobre recursos propios](#)) dos téxtiles procedentes da China despachados a libre práctica na UE entre novembro de 2011 e decembro de 2012. España dispón agora de dous meses para responder as alegacións presentadas pola Comisión; caso contrario, a Comisión podería optar por enviarlle un ditame motivado.

Enerxía

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2022)2034] por non traspasar plenamente as normas da UE para o mercado interior da electricidade establecidas na [Directiva \(UE\) 2019/944](#), que modifica a [Directiva 2012/27/UE](#). España dispón agora de dous meses para cumprir a obrigaçión de transposición e notificalo á Comisión; caso contrario, a Comisión podería optar por remitir o asunto ao TXUE.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Déficit público.
- Déficit público axustado estacionalmente.
- Débeda pública na eurozona.
- Produción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Produción industrial.
- Ssuperávit en conta corrente da UE.
- Taxa de aforro das familias na eurozona.
- Produción no sector dos servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Prezos da vivenda.
- Desemprego na eurozona.
- Incremento anual dos custos da man de obra na eurozona.

Outros datos

- Valor acrescentado do sector das TIC.
- Compras en liña de libros.
- Satisfacción vital.
- Situación líquida das administracións públicas.
- Peticións de asilo.
- Estatísticas sobre a globalización.
- Estatísticas chave.
- Estado de saúde da xuventude.
- Transporte de mercadorías.

- Dependencia das importacións de petróleo.
- Visionado por *streaming*.
- Mortes na estrada.
- Empregos no sector das artes e do tempo libre.
- Linguas estranxeiras no ensino secundario.
- Empregos na industria papeleira.
- Persoas con protección temporal.
- Produción mercantil total.
- Prezo da carne.
- Persoas con dereito ao voto na eleccións ao Parlamento Europeo.
- Prezos da vivenda e do aluguer.
- Pernoitas reservadas en plataformas en liña.
- Empregos en servizos de aloxamento e alimentación.
- Comercio internacional de chocolate.
- Custos horarios da man de obra.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías.
- Persoas emigrantes e inmigrantes.
- PIB expresado en paridade do poder de compra.
- Doenzas circulatorias.
- Novas peticións de asilo.
- Empresas no sector da saúde e do traballo social.
- Caída de importacións de produtos enerxéticos.
- Vías navegables interiores.
- Industrias da silvicultura e da madeira.
- Devolucións de inmigrantes sen papeis.
- Exportacións de servizos de transporte.
- Uso das redes sociais.
- Rexións metropolitanas.
- Empresas no sector da educación.

PUBLICACIÓN DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 05/2024: O Rexistro de Transparencia da UE.
- Relatorio Especial 06/2024: O Mecanismo para os refuxiados en Turquía.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Inquérito do Parlamento Europeo de primavera de 2024: Utilice o seu voto, Conta atrás para as eleccións europeas

O Eurobarómetro de primavera de 2024 do Parlamento Europeo (PE) revela un grande interese entre os cidadáns polas próximas eleccións europeas (de 6 a 9 de xuño) e a consciencia da súa importancia no contexto xeopolítico actual. A sondaxe lanza luz sobre o comportamento electoral dos europeos, as súas actitudes perante os temas de campaña e as súas preferencias polos valores prioritarios para a próxima lexislatura do PE. Céntrase tamén na percepción dos cidadáns sobre o PE e a UE, a súa perspectiva sobre a vida na UE, así como as súas opinións sobre a UE no contexto global actual.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Europa social

88 % dos cidadáns europeos considera importante para eles persoalmente unha Europa social. Ademais, 60 % das persoas consultadas coñece polo menos unha iniciativa chave recente da UE para mellorar as condicións de vida e de traballo. Isto inclúe a directiva para garantir salarios mínimos adecuados, a directiva sobre conciliación da vida laboral e familiar que apoia os pais e cuidadores que traballan, ou os 142.700 millóns de euros de contribucións estatais e da UE investidos no Fondo Social Europeo Plus para mellorar as capacidades e abordar a exclusión social.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Opinión pública nas rexións da UE

A sondaxe realizada a nivel rexional mostra que os cidadáns da UE valoran positivamente a situación económica (65 %) e a calidade de vida na súa rexión (82 %).

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Sarmiento, Daniel. 2024. *Curso de derecho de la Unión Europea*. Madrid: Marcial Pons.

Esta obra proporciona unha visión completa e clara dos fundamentos básicos do ordenamento xurídico da UE, un sistema xurídico moi amplo cuxo coñecemento é imprescindible para todos os xuristas españois. A través dunha exposición pedagóxica das institucións, das fontes e dos recursos xudiciais, a obra é especialmente apta para apoiar o estudo das materias de grao dedicadas ao dereito da UE.

Cenzano, Inma, Javier Madrid, e Antonio Madrid. 2024. *Los aditivos autorizados en la Unión Europea y sus características y aplicaciones*. Madrid: AMV Ediciones.

Dado que o tema dos aditivos é moi mudable, é necesario actualizar a información relevante cada certo tempo. Sempre cómpre ter en conta que antes de utilizar un aditivo alimentario é necesario consultar a autoridade competente sobre o tema. Neste libro trátanse as razóns para a utilización de aditivos nos alimentos. Inclúese cada un dos aditivos, o seu número de identificación e as súas propiedades e os alimentos nos que se pode utilizar. Danse listas de aditivos autorizados da UE. Ofrécese unha clasificación dos aditivos (colorantes, antioxidantes, aromatizantes, conservadores, emulxentes, espesantes, etc.). Preséntase a lexislación comunitaria sobre aditivos alimentarios.

Müller-Terpitz, Ralf, e Markus Köhler, eds. 2024. *Digital Services Act*. Múnic: C.H. Beck.

A Lei de Servizos Dixitais (DSA, polas siglas en inglés), o novo regulamento da UE que afecta os operadores de plataformas en liña, motores de procura e redes sociais que actualmente teñen polo menos 45 millóns de usuarios activos mensuais na UE, contén, entre outras cousas, regulacións sobre a responsabilidade e os requisitos das plataformas intermediarias: por exemplo, disposicións sobre persoas de contacto, normas de transparencia, disposicións sobre a influencia indirecta de termos e condicións xerais a través de dereitos fundamentais, obrigacións de información, sistemas de queixas e denuncias, e sistemas de resolución de disputas. En canto a «Lei de Mercados Dixitais», aprobada paralelamente, ten como obxectivo limitar o poder de mercado dos xigantes da internet, a DSA ocúpase da regulación dos contidos compartidos por estes intermediarios. O que está prohibido fóra de liña tamén debería estar prohibido en liña. Isto inclúe, por exemplo, o odio ilegal e os produtos falsificados. Ademais, a DSA tamén contén disposicións detalladas sobre cando os operadores de plataformas, as redes sociais e outros intermediarios poden acollerse a privilexios de responsabilidade, é dicir, cando non son responsables do contido que os usuarios envían.

Outras obras

Dyrhaug, Helene, e Kristina Kurze, eds. 2024. *Making the European Green Deal Work: EU Sustainability Policies at Home and Abroad*. Abingdon: Routledge.

Este libro analiza diferentes dimensións das transicións sustentables descritas polo Pacto Verde Europeo, centrándose tanto nas accións internas como nas relacións externas e destacando os poderes e capacidades dispares da UE para conseguir os seus obxectivos centrais. Do mesmo modo que o propio Pacto Verde, os capítulos da obra cobren diferentes asuntos, incluíndo instrumentos financeiros, políticas enerxéticas, políticas climáticas e políticas externas. A variedade de casos contribúe a unha comprensión ampla de como as partes implicadas interpretan e implementan os obxectivos do Pacto Verde Europeo, incluíndo especialmente aqueles participantes que están atrasados e que, por diversas razóns, teñen dificultades coa transición sostible. Ao examinar as súas políticas, o libro lanza luz sobre os desafíos e oportunidades que encaran. En xeral, as contribucións abordan cuestións chave sobre os poderes e límites da UE para inducir unha mudanza transformadora e implementar o Pacto Verde Europeo.

Lundqvist, Björn. 2023. *Regulating Access and Transfer of Data*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/9781009335195>.

Os datos recompilados e distribuídos na internet son xeralmente gratuítos e non exclusivos. Con todo, a miúdo é difícil acceder aos datos en liña. Este libro examina a infraestrutura para recompilar, almacenar e distribuír datos para mostrar as súas relacións coa propiedade intelectual e certas barreiras tecnolóxicas. Propón que a UE introduza un dereito de gobernanza de acceso e transferencia de datos que poida funcionar en conxunto coas normas de protección de datos. Os diferentes capítulos exploran o tema desta protección, os posibles titulares de dereitos e o alcance da protección, e as excepcións e limitacións baixo a lei de propiedade intelectual e a lei de concorrencia.

Hodson, Dermot. 2023. *Circle of Stars: A History of the EU and the People Who Made It*. New Haven e Londres: Yale University Press.

A UE é a organización internacional máis ambiciosa e unha das máis polémicas xamais creada. As decisións tomadas en Bruxelas dan forma ás vidas de máis de 500 millóns de europeos, e as súas leis e políticas ecoan en todo o mundo. Mais, como soportou a UE as últimas tres décadas turbulentas marcadas por crises internas e externas? Neste importante relato, Dermot Hodson rastrea o desenvolvemento da UE desde a súa creación en 1993 até o *brexit*, a Covid-19 e a invasión da Ucraína. Hodson mostra como a UE se mantén unido non grazas a tecnócratas anónimos, senón a líderes dos estados membros que se mantiveron unidos en tempos de axitación a pesar da feroz reacción dunha nova xeración de populistas de dereita.

ACTIVIDADES DO CEDE

X Encontro de Redes de Información Europea en Galicia-Norte de Portugal

O CEDE estivo presente no Encontro anual de Redes de Información Europea en Galicia e o Norte de Portugal, que este ano tivo lugar na sede da Confederación de Empresarios de Galicia en Santiago de Compostela. Nel estiveron presentes outros centros que, como o CEDE, pertencen á rede Europe Direct; centros da rede Europe Enterprise Network, e doutras redes, tamén dependentes da Comisión Europea, como EURES e Eurodesk. Fíxose balance do ano, trocáronse boas prácticas e sentáronse as bases para futuras actividades conxuntas.